



BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

1917

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 ets.

Fora, » 50 »

Coste d'un número 10 »

América 2 pts. trimestre

Número 23

Redacción

e administración:

REGO D' AUGA, 38

PRIMEIRO

A CRUÑA

30 DE JUNIO

A NOVA PELÍCULA CÓMICA

PICORETE ORGANIZA UNHA ASAMBREIA

«Non co-a cólera senon co-a risa mátese.»

PICORETE quere facer unha assembleia rexionalista. Unha assembleia rexionalista, sin rexionalismo, dino das bulras d'un novo P. Cobos. Picorete non acouga pra seguire no cume da popularidade. Festas d'antróido, xantares con brindis, festas da poesía, todo e bó, si fai falar á imprensa. Pra él non existe mais que o «eu». Coma Guerrita, pensa: «eu, primeiro; despois de min ningún». Iñora que é un xubilado, un crase pasiva, a quen lle vellen folgados os papés da autividade. De feixe de balduque soña en trocárase en escultor de pobos. ¡Mal podadol!

Picorete non entende d'ideias, mas conece ós homes. E-os homes cólleos pol-o champagne, pol-o agasallo e pol-a louba. Crea intrêses—joui Crispin de meia polainal—e logo cobra os réditos en bombos...

Picorete e o mestre da iniciativa. Dende que él autua, non quedou inédita ningunha iniciativa. Naide poderá en Galicia nin na Cruña iniciare nada que non esteña xa iniciado por Picorete. Com'os que acotan yacimentos mineiros que non pensan esprotar ende xamais, pro dos que agardan recibir algun beneficio, eisi é o noso homiño. Coida que a iniciativa de seu é algo; coida que a iniciativa pol-a iniciativa sin a vountade que logo fáigaa práctica, sirve pra algo... mais que pra conquistar gabanzas dos parvos. ¡E

inda hai quen tome a Picorete en serio! Picorete é a vanidade no cursi; a fachenda en xeito de película de longo metraje pra cine; o afan de medro, en mangas de camisa; o arrivismo en caricatura. Picorete a canto fai, imponlle o tributo do seu nome. Dixérase axuda de cámara da inmortalidade, jouch Concepción Arenal!

Picorete quere servirse de eixo d'unha nova Galicia. D'unha nova Galicia que siga sendo colonia de Castela e que se difrencia da vella, somente en duas cousas: en ter arquivos de proxeitos pra todo, co seu nome en cada folla, e en contalo a il e a outros, galegos d'alma castelá, que inda non se redimiron a si mesmos, por deputados a Cortes. Enimigo do cuneirismo que o deixa a il sin acta, quere—xa que Besada non se opón—que o cunerismo aberto d'hoxe se troque nun cuneirismo galego. Pra iso e pra que o seu nome siga soando, coida perciso facer un rexionalismo de xeito individual e domiciliario. Quen seipa algo de algo que llo diga a él; quep

Tíñamos mentes de facer mui axiña un gran mitin rexionalista na Cruña, con representións de todas as Irmandades da Fala en Galicia, no que autuarían correligionarios de prestixio. A suspensión das garantías, obríganos a deixalo pra mais adiante.

Non temos presa...

teña unha idea que lla leve á casa. Il xugará todo e aproveitará o que lle conveña. Ergueu o panterlo. Agora a ver cantos parvos caen no engado.

* * *

Leimos o manifesto de Picorete. Non ollamos n'il nin a soma d'unha idea. Vimos, en troques, que Picorete fala «del ensueño» (música de vals lento). Vimos tamén que o mesmo Picorete ten dúbida de que se poida chamar rexionalismo o seu rexionalismo. Picorete quere que non haxa cuneirismo (asiñala a via áctea pol-a que desexa ire); quere turismo, ferrocarris, etc. Con isto coida que a persoalidade rexional xa poderá xurdir triunfante. A raza, a lingua, a terra, cimentos da colectiva concencia galega do porvir, son pra Picorete cousas sin importancia ou cousas perigosas. Pra Picorete non hai un problema de nacionalidades nin un problema ibérico. E pensa, ou quere facer pensar ós parvos, que o que non conseguiron as Asambleias agrarias de Monforte—todol-os temas d'intrés práctico pr'à nosa terra alí s'estudaron—e os solidarios galegos, xente san, chea de fe, xuventude e talento, vaino conseguire il en corenta e oito horas de retórica, con remate d'enchente, na xuntanza d'unhos poucos dependentes do caciquismo e da política centralista. ¡Déixese de macanas, chél! Como dixo Unamuno, iste Unamuno que agora loubou a Espartero por

habere feito unha lei na que esnaquizaba ós alcaldes de R. O., bacilus da apendicitis do ministerio da Gobernación, os «orejanos», os que levan a marca d'unha gandería política, son xentes recusabres pra toda renovación.

* * *

¡O rexionalismo de Picorete! Conécese ben lendo seu manifesto. Nin contén o idearium do rexionalismo galego pai de todos os rexionalismos españoles, que tivo a Brañas por apóstole, nin sustancia federalista, nin alentos nacionalistas, nin somas do credo de Mella, nin unha forte base de sentimento. Picorete na sua inñorancia—da que fala mui ben o notabre esquitir e poeta Xacinto M. Mustieles na *Veu de Catalunya*, n'un artigo que publicaremos no próximo número d' A NOSA TERRA—esqueneuse de que Galicia é unha patria natural con lingua propia, irmán da universalizada lingua lusitana; unha patria natural de xeito librecambista. Inñora que os problemas galegos son problemas naturais e non artificios suxetos á vountade da «Picoretería andante». Coida que o noso rexionalismo é com'as varas d'alcalde, que no pago de xantar mais ou menos, pódense seguire disfrutando, xa que convén poñérese en condicións de conquistar outro cárrego mais outo e mais pingüe.

* * *

O rexionalismo novo é cousa da mocidade. O rexionalismo é unha cousa integral que si se sente lévase na y-alma, e fai a un escravo. O rexionalismo novo—sentimento primeiro, logo consciencia—non pode impoñerse con discursos da noite para a mañán. Percisa de espíritos limpos de cubizas, de prexucios e rutinas. A rutina ten orixe orgánica e d'ela non se libran nin os homes de talento. Percisa de rapaces com'os que forman nas filas das Irmandades da Fala, que viven en galego, traballen en galego e morren en galego.

Na mentres as cinco sextas partes do noso pobo—percisamente as que son base de vida, as que traballan pra que as outras medren—teñan un idioma, bandeira de democracia, no que latexa a y-alma da raza, tod'ó que nila hai de esgrevio e enxebre, e ise idioma se desprece e s'esqueza pol'os rexionalistas de R. O. que a Madri ollan pra rubire, disimulando até o acento rexional, ficarán en leria as ridículas asambreias picoretistas afincadas n'unha parva megalomania.

* * *

As groriosas asambreias de Monforte, fono exemprares, tiñan organizaciós tras d'elas, fixeron concrusiós sabias ¿e conseguiron moito? Os solidarios galegos erguendo a bandeira da cidadanía, loitando feramente a costa de sacrificios, tendo tamén masa, non se viron obrigados á acougar?

¡Ai Picorete Picorete! Inda que lograses que se fixeran camiños e ferrocarris, e industrias, o probrema galego seguiría en pe. Porque isto non tragnería unha forte concencia rexional. Porque a concencia rexional ha traguela a eisistencia d'unha satisfaciós interior que deveña do talexante sentimento da patria natural. D'outra maneira teremos prósperas colonias de Castela, teremos trallo colonizado en fautorías sin alma. E un rexionalismo eisi non é rexionalismo; porque o mesmo podería facelo Picorete entre Valladoli e a Cruña, como na Extremadura ou na China.

* * *

Pol-o mais, nos somos modestos, homildosos, pro limpos com'a gota d'auga. E vimos traballando. sin agardar nin fama nin proveito persoal, pol-o rexionalismo esgrevio. Somos apolíticos. Crémonos obreiros d'unha minsiós social. Predicamos c'o exemplo e estamos dispostos—xa que entendemos que as ideias sin os homes non son nada—a opoñer condutas a condutas, entrando no terreo do persoalismo, pra arrincar caretas, si a ilo se nos obriga.

Séipanno, antre outros, ises poucos señores que abusando da representación d'Ourense, con xeito caciquil, xa que non responde á vountade popular, falan do embarrullamento d'augas limpas.

O Ourense que se manifestou republicano fai algús días, o Ourense que foi n'outrora contra da Deputación provincial caciquil, o Ourense dino que non adica a sua concencia u'unha abreviatura de vanidosos, pequerrechina coma pola d'ameixeira, non cabe, porque sería aldraxalo, n'unha folla telefónica, da que non foi xiquer amanuense. E coste que na Irmandade da Fala da Cruña, hai ourensáns intelixentes.

Coste tamén que o «divide e vencerás» non se fixo pra nos. Quenes s'axuntan todolos días, cheos de fe, dando mostra d'unha tenacidade, nunca vista en Galicia, coma nós xuntámonos, dende fai mais d'un ano, pra pensare e sentire, pra facer porpaganda e pra estreitar relacións con todolos irmáns de todolos pobos galegos, somos invencibles.

Ascoiten os mauristas

SOBOR do «Rexionalismo e Nacionalismo», ten publicado un artigo no Noticiero de Zaragoza o señore Ossorio Gallardo, personalidade sainte do maurismo. D'il son istes verbes:

«Convén a España unha política rexionalista? Resoltamente, si. O caciquismo, o desgoverno, a inmoralidade, tod'a podredume da nosa patria, eisisten porque os pobos dormen axionllados deixándose escravizare. Hai cidades con 30.000 habitantes

onde s'iñora que cousa é abrir un colexio eleitoral. Hai capitaes con 100.000 almas, Universidade, Audencia territorial, Capitania xeneral e alzobispado, entregadas á vountá ausoluta d'un soyo señore de quen depende até o dereito de respirare. Non se comprende senon ollándoo tan fondo ateigamento d'infamias e noxos. E com'até a data fono inútiles as chamadas pra erguer os pobos da lama da degradaciós, feitas no nome d'intreses e porgramas xenéricos pra todolos españoles, terase de fiar sua redenciós o instinto da sua persoalidade, pois alentándoo terá de sere mais doado que desparten a dinidá y-á arela de conservaciós.

¿Como ten d'ollare o Estado español unha política rexionalista? Con garimosa ilusión; decatándose de que o rexionalismo inda con acritudes e estravíos, é carne e sangue d'España. Ollala coma cousa propria é fortalece a; gardarille prevenciós e escindila.»

Xa o sabedes, mauristas. Según o voso outo correlixionario Ossorio Gallardo, os patriotas somos nos; os antipatriotas aqueles que co'a careta do rexionalismo, traballan pra rubire, recadando comenencias, e sendo amigos e servos dos vellos políticos da España que morre pra deixare camiño á nova Iberia.

Como traballan nosos irmáns do Ferrol

A Irmandade da Fala do Ferrol, publicou un manifesto que s'encarregaron de espallárenno pol-as ruas d'aquela cidade os mesmos que o fixeron.

Xentes de sinificaciós e prestixio, non dubidaron en seguilo exemplo dos irmáns da Cruña, trocándose en espalladores de follas cheas d'ideias, desafiando o ridículo pol-o amore a un outo credo de cidadanía.

O manifesto causou mui bô efeuto na opinión ferrolán. Está esquitro en termos sinxelos, pro ateigados de cultura, de patriotismo, de lóxica. Darémol-o a conecer por trechos no noso boletín.

A Irmandade do Ferrol ten organizada tamén unha conferencia, pra o día 1.º de Xulio, que estará a cárrego do catedrático compostelán Luis Porteiro Garea.

E axiña pensa, igoalmente, inaugurar n'unha carballeira da finca «O Monte» o Teatro da Natureza, c'unha festa de arte solene.

Os irmáns do Ferrol dinnos que cada día teñen mais fe, pro que cada día e mais grande a nosa responsabilidade.

Certo, certísimo. Por iso temos todos os que levamos a estrela na frente que traballar con entusiasmo, mentres oubean os cans do rexionalismo ortodoxo que andan á busca de ósos, pr'ó seu medro, na alqueria centralista.

Contra de berros, razóns

PRÁ OS ñorantes ou labercos que, co'a ruín intención d'abafarnos antepoñen un viva España a un viva Galicia, esquirbeu no *Liberal* de Madrid o culto catedrático castelán do Instituto da Cruña D. Rafael Pérez Barreiro:

«...O artigolista non é separatista, senon coma derradeiro extremo. O artigolista ten inda vergoña, cousa que xa abonda pouco n'istes tempos, e sente mais nobremente que os que fan milleiras de aspaventos. Pro antr-o separatista mais doente e o mellor patrioteiro, prefire ó separatista, con total-as suas puerilidades: porque iste, cando menos, amos tra que ten vergoña pol-a honra da sua patria e dos seus ideias; e con quen ten vergoña, sempre é doado entendérese, por mui diferentes que sexan os puntos de vista. Pro ante o galego ou catalán arrenegado, que berra «eu non son galego ou catalán, senon español e ¡viva a España da perda das colonias, do caciquismo, da fame, da podre!»—ante ise non hai mais que abrochare, botar ben as chaves ou recada-a moca.»

O boletín *Andalucía*, pol-a sua parte di: «Ise que deixan esquecidos os sentimentos da Patria natural e falan en troques en termos valeiros d'un gran amore á Nación-Estado, sin concretal-o nin afinal-o en parte determinada d'ela, lémbrennos a Rousseau que decía sentire un amore fondo pol-a Humanidade, e mandaba seus fillos a Incrusa. Os incondicionaes da Nación-Estado ó que pospoñen o sentimento da Patria natural ¿cómo poden afirmare o da Patria orgánica? O andalus, o galego, o catalán, o basco, poderían deixare de ser españoles, pol-a forza d'unha fatalidade. Pro sempre, serán andaluces, galegos, catalás e bascos.» Pra que viva o alcalde, ten que vivir dinantes o home alcaldabre.

ANDALUCIA, CON NOSCO

REFIRÍNDOSE á A NOSA TERRA, di o notable boletín *Andalucía* orgo dos inteluetuas d'aquela rexión, e que s'imprenta en Sevilla, logo de recoller algo do *idearium* que vimos desenrolando:

Agradecemoslle suas gabanzas ó simpático boletín galego que moito nos engayola semanalmente c'os fermosos traballos publicados na doce e armoñosa fala da sua poética rexión, idioma no que latexa o belo e malencónico sentire dos seus fillos, alma da tenrura, até dos seus cantos de xenreira e de seus versos conmovedores.

Andalucía, a Patria do Sol, quere mandarlle por nos fervorosos agarimos ós fillos

da Pátria da Brétema, doce com'unha eterna alborada. ¡Ouh Federación: comprememento na unidade d'amore de total-as patrias!... Os fillos da nostálxica Galicia ergueránse ó fin. ¿Quen ama a sua terra coma iles? ¿Quenes millor que iles gobernarían a sua terra?

Nos, loitadores do belo ideial crémonos ben pagados sintindo pol-a Patria irman o goce d'un amore que endexamais perfumará o peito valeiro de ningún triste centralista.»

GADRO ENXEBRE

O alcalde d'unha aldeia galega (o de Castro, na provincia da Cruña, se non estamos trabucados) foi a saudar á Reina Sabela, cando ista na compañía do ministro da Marina, iba pr'ó Ferrol.

O alcalde, un labrego rexo san e bari, faloulle en galego á Reina. O ministro, dixolle ó alcalde: «A S. M. hai que falarlle en castelán.»

E o bon labrego, dino, sereo e repouzado, escramou:

—¡Ai, siñore, eu coidei que os reises tiñan obriga de conecere total-as línguas que falen os homes dos seus Estados!...

O ministro quixo reprecare. Mais a Reina, que se puido decatar dos verbes do labrego, dixo: «Ten razón o bô paisano. Fáleme en galego canto queira, que eu comprendereino.»

O feito é histórico. Ise alcalde, honrou a nosa raza. Ise alcalde non era dos que queren vivir xunguidos a unha vara ou a duas, inda a costa do mais sinxelo da dinidá política. Ise alcalde non dobregou o espiñazo pra rubire. Ise alcalde non donaría sua representación ende xamais a ningún alcalde pra nengunha festa da poesía galega, onde o galego coidarase cousa baixa e vergoñosa. Ise alcalde non firmaría telegramas de recramo pra engayolar ós caciques centralistas. Ise alcalde galego, quixo que o entendesen en galego. Ise alcalde—¡benia ill!—é un símbolo pra nos. Froito san do enxebriismo. Non sabía de cubizas, d'arribismos, de vanidades...

DO PATRIÓTICO MANIFESTO CATALÁN

O réximen europeo que desexamos

CANDO se dou á publicidá o folleto do noso irmán Antón Villar Ponte, nomeado *Nacionalismo gallego*.—Nosa afirmación rexional acababa d'espallárese por España o manifesto dos rexionalistas cataláns de 1916.

No folleto refirido, inda puido esquirbir seu autore dinantes de facelo público: «Es-

tamos conformes co manifesto dos cataláns.»

Agora os rexionalistas de Cataluña volveron a espallaren outro notabre manifesto. Tamén o facemos noso, e tomamos d'il iste trecho, dino da meditación:

O réximen federativo.

«Darlle ó Estado unha constitución federativa, ista e a grande solución renovadora.

Con unha organización interna d'estructura federativa, os pobos ibéricos conseguirían un ambiente d'irmandade e de intimidade garimosa que anima ás fortes unidaes indivisibles. As cidades vivas, que alá e acolá d'España gardan lembranza d'antigas grandeas e sinten nas suas entranas xérmens de capitalidade, foran centros d'intensa propulsión d'unha vida renovada, e labrarían com'as cidades italianas novas facetas e matices con que enriquecere a civilización. Alixeirado o Estado do traballo fondo que sóbor d'il gravita, creado por isas correntes de rexurdimiento, iría adaptándose as outas funcións d'unha suprema dirección.

Ista organización federativa é por outro lado a que ten de corresponderlle a estrutura da sociedade española, dividida en nacionalidades, en pobos que gardan unha persoalidá definida. Estabrecela é sometérese ás eisixencias das grandes forzas naturaes e históricas que nos fixeron a todos coma somos e non d'outra maneira, forzas de fatalidade que non s'atallan con leises nin reas decretos, nin follas de constitución; é obedecere a un imperativo de xusticia úneco fundamento posibre de vínculos xurídicos, sólidos e fixos; é fortalecere o Estado (que beno percisa) donándolle enerxías vigorosas que non aproveita ou que lle perxudican, com'as da periferia española.

A técnica impón igualmente, ista forma d'Estado. O Estado composto ou federal constituyete unha perfeición na organización política, xa que sinala a división do traballo co'a maior adautación á función que é sempre seu resultado, xa que artigula mais seguramente co'a cousa pública todol-os centros vitais do país, xa que espalla por todol-os ámbitos do país escolas de vida pública, onde aproveitase por completo a forza motriz dos grandes amores ó terruño, e prepáranse os estadistas superiores, isto é, os homes que axuntan a forza da técnico-política ó pulo do ideial.

E non crea ninguén que ó emprendereste camión faigáse un experimento esceucional, un salto d'unha maneira desconecida; non. Mui do revés. A forma federativa é a constitución normal do Estado moderno, a mais xeneralizada, a dos pobos direitores. A imensa maioría dos homes civilizados do mundo viven en estado d'iste xeito, e as mareias da opinión universal, d'endas que resolven as masas da democracia socialista até as que encamiñan ás multítus obedentes ás voces do chan nativo e da historia, asiñalan no hourizonte novas extensións do federalismo. O trunfo da forma federalista na actual guerra foi luminoso abondo. Resistiu a proba do fogo, d'un fogo coma outro non lembra a historia e saiu d'ela vitoriosa, en todol-os ordes.

Tral-a guerra, a forma unitaria ten d'ire esmorecendo, facéndose mais rara cada día; ficará a maneira de reliquia, de forma d'esceución pr'os pequenos pobos homoxéneos, coma o goberno direuto, com'a assembleia ó ár libre, coma tantas fosilizacións d'institucións caídas reviventes soyo n'algunhas terras escuras.»

NO CUME

(CONTO)

por LEANDRO CARRÉ

QUEIMABA O SOL.

Co'a gorxa enxoita, canso de camiñar, o pastoriño detívose un instante á sôma d'un penedo.

Facía xa moito tempo que andaba en busca d'unha ovella descarriada. Cando se afastou do rebaño parecíalle que non debía estar lonxe; mais non atopaba a condanada, inda que a buscaba escrutando todo o monte.

E que calor iba; era terrible, abafante. Se ao menos tivera auga. Pero quen a vería por alí, se aínda o cauce do río brilaba ao sol co'as suas pedriñas pulidas, compretamente enxoitas.

Pegábaselle a lingua. Ergueuse e apoiándose no cayado subiu monte arriba. Cicais pol-as outuras estivera a perdida; pol-o menos dendes d'aló enriba podería ver mellor o conxunto do monte e divisar a ovella. Subiu traballosamente. Era a pendente grande, e os toxos, uns toxos pequeniños e duros, estorbábanlle. Conforme íbase chegando ao cume un âreco fresco animábase; podía alentar mellor inda que a sede molestáballe moito. Abriu a boca pra refrescala sorvendo o vento.

Xa divisaba gran parte do monte e aló aos pes espallábase a veiga, a anacos escurecida pol-a mancha d'un piñeiral, e na que amarelaban as searas. Unhas casañas pequeniñas erguían pra o ceo os seus penachos de fume branco.

Tiña fame tamén. Era medio día; ben craramente llo dicía o fume das casañas; ben o comprendía pol-a outura do sol ¡o sol! ¡por qué había de queimar tanto!

E nada. Por ningures aparecía a ovella. Subiu máis; chegou hastra o «castelo», coase no cume. O «castelo» era un penaque de caprichosa forma, á que debía o seu nome. Poidera dar que alí lograra descubrila.

E descubríuna, si; ao cabo apareceu a estraviada ou a fuxitiva.

Deitado á sôma do penedo, estaba ouservando todol-os currunchos do monte cando oíu un balido. Ergeuse e puxo nos ouvidos toda a atención do seu espírito. Novamente o valido deixouse oír, craro, cercán.

Corréu. Enriba d'unha pena do «castelo», triscando nas silvas y herbas que medraban nas gretas, a ovella estaba en pé, facendo equilíbrios.

Cô entusiasmo do hachádego brincou de pena en pena; pés e mans axudárono a subir, servíndolle d'escada as fendas ou as

raíces das gretas, hastra que chegou cabo da ovella. Fíxoas descer e boutouse él «castelo» abaixo. Mais o descenso era perigoso, e n-un instante faltándolle apoio caeu.

Tropezou o seu corpiño n-unha saliente; pillaron as suas mans unha presa de silvas que deixaron n-elas un rasto sanguento; pero non puido evital-o terrible accidente.

Perdeu o conocimiento ao bater nas pedras do chan, base do «castelo».

*
*
*

Abriu os ollos. Unha dôr inmensa sufríu ao tencionar erguerse. Pol-o seu rosto, quente e pegaxoso, un suco de sangue arripiouno. Eran lixeiras rasgadelas; enxugounas co'a manga da camisa. Novamente mais acougado xa quixo pôrse de pé, pero outra vez a dôr terrible fíxoas caer no chan n-un escalofrío de todo o seu corpo. Tiña crebada unha perna; non podía moverse, non podía.

A berros; berros de dôr e de medo á morrer alí, desleixado, pedíu acorro; pero ninguén podía oírlo; lonxe, moi lonxe estaban os seus compañeiros cõ rebaño, arredados d'él por unhas horas de camiño, e mais lonxe aínda a aldea, aquelas casañas pequeniñas agachadas antre o verdecente arvored.

E a sede; unha sede ardente, que o acoraba, tiráballe os folgos pra se movere. Dofalle a perna ao facer o mais leve movemento; dofalle terriblemente, e estábbase quedo, moi quedo. Zombábanlle os ouvidos coma s'un enxamio voase d'arredor d'él; queimáballe a gorxa. Pechou os ollos.

Cando acordou estaba posto o sol. Espallábase pol-o ceo unha mancha vermella, inmensa, que medraba, medraba pouco a pouco e foi enchéndoo todo.

Arrastouse mordendo os beizos rabiosamente pra aguantal-a dôr da perna. ¡Qué caro lle custaba! facendo grandes esforzos apenas se lograba movérese.

Mais quería fuxir d'alí, quería chegarse á aldea canto poidera, e seguía arrastándose, sufrindo coma se a cada movemento l'esgazasen o corpo.

Anoitecía; ao lonxe íbanse esvaíndo os montes confundíndose cõ ceo, mesturándose co'a escuridade dos piñeirais; novamente as casañas ergueron a sua coluniña de fume branco. Cara á elas camiñaban por veredas e corredoiras fatos de bois, rebaños d'ovellas, coma formigas, coase imperceitibles. Soilo él non podía chegarse á sua casaña; aquela casaña que vía aló, lonxe, moi

lonxe, á veira da estrada, cinta branca que se perdía antre os piñeirais.

Berrou máis; berrou hastra que xa nin vos tiña, nin vágoas nos ollos que tanto choraran. Pero ninguén o ouvía, ninguén podía oírlo. E él alí, soilo, esquedido no monte, antre os penedos que somellaban medoñentos pantasma co'a escuridade da noite; arrastándose, morrendo.

Non ollaba d'arredor pra non ver aquelas moles que o amedrontaban; fitaba sempre, sempre, ao lonxe, a casaña da estrada.

¡Non irían na sua busca? ¡Ninguén se coardaría d'él? e arelante ouservaba o camiño; ollaba xa coase sen ver, pola escuridade da noite e pol-a dôr dos ollos, que de tanto fitar e de tantas vágoas coma verteran somellaban de ferro, de ferro candente pol-o pesados e dôrosos.

Ao cabo brilaron uns puntíños de lus; somellaban luciérnegas que víñan pol-o camiño. Si; buscaríano, habían dar co'él e levaríano á casa pra o curaren, pra sanalo.

E quixo berrar, chamalos; mais non poido. Esmoreceulle a vos na gorxa ardente. Incorporouse apoiándose nos brazos, facendo un derradeiro esforzo, e sintiu outra vez o enxamio que o atordoaba voando d'arredor da sua testa: pero esta vez víuno, viu unhas avelliñas miudiñas que coma luciérnagas tiñan unhas luceciñas azús e conforme se chegaban a él iban medrando e facéndose mais luscentes. Víunas mais craras, mais distintas; xa a seu rente, rodeándoo, pillárono nos brazos. Vía os braciños e sentíaos apoiados no seu corpo dôrido, e pasmado notou que como tiñan brazos tiñan tamén unhas cabeciñas moi bonitiñas; unhas cariñas d'anxiños, coma os anxiños das estampas que había na sua casaña. E os anxiños levábano nos seus braciños antre unha nube resprandecente.

Espiñas é Bagoas

Ibamos a andarelas pol-os vizosos prados, Collendo nas ribadas e frondentes ladeiras, Margaridas e lesta rosas, herbas salgueiras E bagoas de San Pedro nos frolicos valados.

Ela, noviña e doce, tiña os meigos engados Das lenes volvoretas que, prestes e lixeiras, Tecendo e destecendo, sotís e vagaxeiras, Bicábanse nas frolés en alegres noivados.

Eu fixera pra ela un ramo moi xeitoso, Qu'albura do seu peito cobizaba suidoso, Ofercinllo e colleuno con tal presa y-afan,

Qu'o sentir das espiñas as lacerantes mágoas, Ceibou lixeira as rosas ciscándoas pol-o chan: Nas suas mas quedano as espiñas y-as bagoas

VICTORIANO TAIBO.

Compostela.

Do libro no teare *Agarimos e zenreiras*.

DO MEU FEIXE

por XAIME QUINTANILLA

ALGUNHAS presoa pónenlle como chata ó noso movemento a falla d'inteleutuás antr'as nosas filas. Isto non é certo. Hai moitos nomes, de todos ben conecidos e que non é perciso repetire, qu'amostran cumpridamente que non estamos valeiros d'hommes cultos. Pro ¿qu'é inteleutualismo? ¿Non será unha escreción patolóxica da intelixenza com'o sentimentalismo a é dos sentimentos?

Conecíamos ó home intelixente, cheo de cultura xeneral e lóxica: un pouco español e outro pouco francés, que recitaba versos, non iñoraba as leises de Berthelot e hastra sabía a orografía asiática. Era este home un pouco sutil e outro pouco tenoriesco. Tiña corazón e se lembraba as veces de qu'alu-meaba unha lus dentro do seu peito. Sabía da lanzalía dos momentos de Mozart, cantaba cortesías nos currunchos dos xardins malencónicos e as veces loitaba nas barricadas. Era un home com'preto, un home intelixente. Pro tras d'il veu o home inteleutual, cheo de racionalismo kantiano, analista profundo e concedore do alfabeto grego. E o inteleutualismo foi, dendes dentonces, unha debilidá da intelixenza. E se nomearon inteleutuás os homes adedicados ós estúdeos da enxeneria, concedores das táboas de Verboekoben e admiradores da múseca de Ravel. A intelixenza xa non foi o abellón poeta da fábula unamunesca; vis-

teuse cota de malla: unha cota feita de sorites, e lanzouse ó mundo chea de razón. O estare cheo de razón é xa unha cousa com'preto española, cuáseque framenca e toureira. E véxase como iste tipo importado da Xermania, fillo dos graves doutores tudescos, fíxose presoaxe de taboado por obra e gracia da enchente de razón.

E posibre que nas nosas filas non haxa d'ista crás d'hommes. Nosco non estamos cheos de razón e menos de razón kantiana. Nos sentimos, si queredes, un pouco pírmitivos e outro pouco biolóxicos. Pro non pensamos nin soñamos con verdades ausolutas. Todo é, pra nosco, com'preto relativo e acidental. E vemos qu'as leises, qu'a mesma vida están trocadas por valores artificiais. Nosco loitamos por naturizare a vida. E somentes no nazonalismo nos atopamos naturalmente, folgadamente, porque pensamos de cote qu'a nosa Pátria é a única entelequia viva, verdadeira, chea de lus.

Fixádebos en qu'España é un conceuto mais ben qu'unha realidade positiva. Isto dos cónceutos e cousa adoitada pra qu'os inteleutuás fagan xogos logomáquicos. Mais nosco non sentimos qu'un conceuto poida sere aguillón pr'as nosas vountades. Os conceutos nos fan surrire. Mais o berce, nosa nai, nós mesmos, non nos creemos conceutos, pois coidamos que, aínda todol-o biolóxicos que se quera, nacimos pr'algo mais

outo que sere un conceuto mais. Galicia, a Pátria galega é unha realidade natural, posta por enriba das vountades dos homes e que non é posibre transformare en conceuto. Por mui inteleutual que se seia é imposibre facere logogrifos coas realidades viventes.

A liturxia española.

Todo isto nol-o inspirou D. Miguel de Unamuno, con un dos seus derradeiros traballos, publicado no *Nuevo Mundo*. Nos acusa de litúrxicos e pensa que da monteira fixemos hostia e copón. Contra o rexionalismo de monteira estamos peitando nosco a cotío. D. Miguel, querendo cazárenos como raposos, cazou ós rexionalistas de moca e pichel de que falaba derradeiramente A NOSA TERRA. Véxase com'os rexionalistas andaluces—que D. Miguel pensa que non eixisten—peitan contra o framenquismo, ou seia contr'a liturxia do rexionalismo d'esposición. Véxase como nosco loitamos contra o rexionalismo de dimpois de xantare, fogo d'artificio trocado en ringleiras de versos.

A liturxia está no conceuto España. ¿Qu'é a España de *pandereta*, senon a liturxia mais cativa? ¿E a navalla na liga? ¿E a *Marcha de Cadis*? ¿E o *pintureirismo* toureiro? ¿E as prazas de touros? ¿E o chin-chin patrioteiro das sesións de Cortes, taparrabos de todos cantos ladroicios en España foron? Por conservare a liturxia d'aquel conceuto perdimos as colonias, e agora, no intenso sacudimento que fai tremare ó mundo, perdimos a vergonza, si é que pódese perdere ó que xamáis se tivo. Por aquela liturxia abafouse ós militares, pois tiñan de calare no nome da Pátria, aínda qu'o favoritismo trocase os homes en maricas. O nome d'España foi a celestina mais podre de todos cantos na púlítica e nos negocios porcos *fixéronse homes*. Porqu'en España *facérese home* e sinónemo de pouca vergonza e somentes fanse homes os presidiarios... *pre-licenciados*. D. Miguel non se sinte basco nin se sinte litúrxico. Pol-o derradeiro o deixaron sin reutoría, pra que vexa ben craro qu'en España é perciso comulgare nas manifestacións esternas d'un culto noxento. Pol-o pírmeiro é posibre que volva a sere reutore, que se non fose D. Miguel quen é, poderíamos pensare que se tiña trocado en lamecús.

Xa dixen denantes que nosco non ademetimos verdades ausolutas. Nosco non rifamos por sere *galegos* ou *gallegos* nin pensamos qu'os *bascos* perdan o sono por non sere *vascos*. A custión é sere ou non sere. E a nosa labore é fortemente afirmativa. Queremos sere, arelamos vivire, e as *Irmandades* son novas Xuntas de Defensa da nosa dinidade coleutiva. Estamos xa fartos de transixire coa mentira e coa liturxia. E volviendo os ollos á nosa terra nos atopamos

O PORVIR

por GONZALO LÓPEZ ABENTE

Raza viril: a morte vai tuxida batendo as negras áas no fondo abismo; n-un tolo parosismo retorcéndose vai; marcha vencida.

Brila o aceiro lucente do dios Febo no azul eter do espacio sideral, e ximen as ferraxes do portal que garda as sombras do profundo Erebo

Filla dos inmortales, non poidías tranquila abandonal-a tua sorte nos brazos frios da aterida morte que cortase a cadéa dos teus días.

Enervada, quizais; do esquecemento nas augas venenosas sumerxida, ben poideches quedar esmorecida, con débil pulso e fatigoso alento; pro morta, eso non, porque é imposibre morrer de amor nos brazos d'un amante, mentes un eco de pasión trunfante no roxo sangue das artereas vibre.

Raza inmortal: un alquimista forxa

meigo collar de rica pedrería c'o esprendente fulgor do abrir do día, pra pendurar no marmol da tua gorxa.

Dos pebeteiros da virtude vóan aromas de perfumes orientales. y-os rumores dos líquidos cristales das fontes paroleiras no ar resóan

Abre os ollos, desperta, mira, escoita, como aquel trovador vello te chama con brando acento, y-outra vez se inframa no ardente fogo da sagrada loita.

Salve, diosa inmortal, reina, saúde. Volve a surrir no teu natal paraxe que de novo rebule o teu linguaxe nas armoñosas cordas do laude.

Erguida está a bandeira sacrosanta que o nobre peito do teu fillo adora, y-a tecelana da xentil aurora no ourente a frol do teu porvir levanta.

Do libro *Alento da Raza*.

con que n'ela están as fontes do noso reurdimento, con que somos fillos d'ela e nada mais que d'ela. Nos sentimos galegos denantes que nada; dimpois, españoles; mais do mesmo xeito que nos sentimos europeos e habitantes do mundo, formando parte da humanidade. Que por sere galegos non renunzamos á nosa condición d'españoles como non podemos renunciare á nosa condición d'homens.

¿Non vos parece que pol-o mesmo que somos homes nos temos que sentire mais galegos e mais fillos da nosa terra?

UNHA XIRA GALEGUISTA

Nosos irmáns de Monforte, fixeron unha nova xira galeguista, a Ferreira de Pantón e ó castelo dos Condes d'Amarante. Na súa compañía iban moitas señoras.

No Auntamento de Ferreira foilles ofrecido un bó *lunch*, pol-o culto segredario señor Sánchez Taiz. Logo xantaron n'un souto mesto, verdecente e sombriso.

Alí axuntouse moita xente labrega. Léuse a formosa poesía «Galicia» do imenso Ramón Cabanillas. Dimpois falaron cón fonda elocuencia os señores Hermida, Rodríguez Sanchez e o abade Sr. Santos.

Como escomezara a chover, os romeiros tiveron que cobixárense no Auntamento. Alí víronse obrigados a falar, outra vez, o Sr. Hermida e logo noso querido enxebre Banet Fontenla. Rematou a festa c'o canto do hino galego.

De volta en Monforte, ós sons da gaita, d'irixíronse todos ó domicilio social da Irmandade da Fala, onde o conselleiro primeiro deu conta ós alí axuntados do éisito da xira.

Dinantes de disolvérense, cantouse de novo o noso hino.

No próximo número, publicaremos unha síntesis do programa rexionalista galego, que esquirbira Alfredo Brañas, fai moitos anos. O rexionalismo galego somellante, irman dos rexionalismos basco e catalán, é mais antigo que estes. Non imitamos, pois, a ningún. Galicia foi a mestra. E o que entón pedíase, pidímol-o nós oxe. Porque estamos nas mesmas... ou pior.

Tamén no próximo número publicaremos un maxistral informe de Rodrigo Sanz, un dos nosos apóstoles exemplares, que traballan por amor a Galicia e non por amor... a si mesmos; un maxistral informe que mandou á Federación Agraria do Ferrol e Pontedeume, sóbor d'organización oficial agrícola.»

LÓSTREGOS

SARCASMO E SACRILEXO

por RICARDO CARBALLAL

ROSALÍA, Curros, Pondal... Tres nomes que deberan sere sagrados pr'os fillos de Galicia, e invócanos moi a miudo un fato de desleigados de andorga chea e corazón valdeiro, coma bandeira de loita pr'os seus fins políticos, e por sere políticos, persoas.

Non hai auto ou festa galega, sin galego, onde estes desleigados atópense, que non fagan a invocazón do finado triunvirato. E, ¡pol-a nobre acordanza de Breogán!, meus señores, falar de Rosalía, Curros e Pondal, na lingoa de Castela, conecendo a obra galeguizante que cada un dos tres deixou feita, e a loita que sostêron por erguer e porpagar o noso idioma qu'arrincaron ós labregos i-espallaron pol-as vilas—onde si o falan o non sinten—, coido qu'è un sarcasmo. Invocare a Curros e Pondal que a cotío degoraron días de redenzón pr'á terra asoballada e irredenta, os que pregoan un rexionalismo escravizante que ainda enxugará mais a nosa terra ó centralismo, coido qu'è un sacrilexo.

Esquencido teño que si Curros e Pondal viviran, os qu'hoxe invócan-os coma mestres, non-os seguirían nas suas doutrinas rexionalistas. Tampouco iles os ademitirían nas suas fías; istarían con nosco, coma istán Cabanillas, Rodríguez González, Taibo, López Abente, Ribalta, Cabo Pastor, Francisca Herrero, todol-os poetas que teñen na súa lira a *corda muda* que tiña a de Curros, e da que nos falou na *Encomenda*. Falan d'iles porqu'as cousas que dinse en verso, non teñen eiquí a importancia das ditas en prosa. Os poetas na nosa terra, son admirados pol-a imaxinazón e non pol-o pensamento. En Galicia, sería unha parvada o pensare que se repetira o feito de Gabriel D'Anunzio en Italia.

Na actualidade témol-a mostra. As poesías do noso gran poeta da raza, poesías de loita nas que dinse cousas tan fortes coma en calquer artigo dos mais valentes de A NOSA TERRA, publícan-as xornaes que a ningún prezo publicarían un artigo no que dixérase o mesmo. Recentemente, un xornal da Cruña, que fírenos á zamurda, publicou a poesía *Meu carriño*, de Cabanillas, com'a cousa mais sinxela do mundo. E o noso gran poeta dí:

¡Non collas pra chan alleo!
¡Non me levas a Castela
que non quero nada d'ela
xa que arrenegou de nos!

Canta, meu carriño, canta
a redención esquencida

y-o dor da Terra ferida
de treidores e ladróns.

¡A y-alma galega dorme,
a santa Ideya está morta
e tés que ir porta por porta
encendendo os corazóns!

Berra por vilas y aldeas,
que hai que vingal-a inxusticia
dos que teñen a Galicia
axugada e-un cansil.

Enxergo que dí algo. Pois coma il dixo Curros, e coma il dixo Pondal. ¿A qué pois invocál-os, quen proclama un rexionalismo coma o da nova fornada, que non quer a Galicia mais que pol-o nome pra que lle vala d'escada pra rubir á meseta, outa cume dos seus degoros? ¿A que pois invocál-os quen soio busca na porpaganda galeguista (?) que vai faguer, un meio de nomadía,—o da acta non-o verá—xa qu'o outro meio da *vara finoulle*? Fai, e fan a tal invocazón, pra engadar ós parvos, pra escudare trais de tan sagrados nomes, a cativa intenzón que teñen pr'á nosa terra. Mais nos conecémol-os de abondo, e quitarémol-l'as caretas ós que con caretas andan. Pra vivire no ideal rexionalista, non hai que tere tapuxos nin pensamentos non limpos, qu'o lar galeguista é de vidro, e vese dende fora.

Fagan porpagandas pra escravizarnos, válanse de cantos meios teñan á man pra destruire a nosa santa obra redentora, creben d'unha ves a pouca libertade que nos queda, en mercede ós seus amos, mais respeten a acordanza de nosos mestres finados, os que a maor devozón que poden amosrarlles, é, soiamente, sinxelamente, non lembrárense d'iles, qu'as lembranzas que lles poidan adicar son sarcamos, e as oracións, sacrilexos.

Seian sinceiros unha soia ves, falen c'o corazón na man, e confesen qu'a lexítima, a verdadeira invocazón que poden e deben faguer, non é outra qu'a dos Riestra, Besada, etc., que son-os que loitan e loitarán sin tomare folgos, por vere a Galicia, á Galicia que tanto queren, libre de... libertadores coma nosco, da persoalidade galega. ¡Terra a nosal!

Peneirando...

TEMOS que reitificar algo do dito por nós respeito ós Xogos Froraes de Pontevedra, organizados pol-a *Provincia*, iste colega que nos parez—xa que vémonos na obriga de devolverlle os adxetivos de louba que nos adica—mais culto, ilustrado e ameno que simpático. ¿Val a sinceridade?

Séipanno os leutores: non hai ningunha poesía festiva antr-os temas, do certame pontevedrés. Hai, en troques, un Himno a Galicia e unha poesía galega que teñen que sere esqurtos no *dialecto regional*.

¡No dialecto regional! *La Provincia* non quer contribuíre á *desgaleguización*, pro por iso ríndelle culto ó amo (ó castelán) e o galego que se teña no seu: no papel de criado distinto. Pois considerándoo dialecto, eisi resulta.

E «protestamos contra iso», porque ó «fin e o cabo» non ó cabo e o fin—¡ouh Francos Rodríguez!—mais vale sabere algo do galego e algo do castelán, que non sabere nada do galego e pouco do castelán.

Recomendándolle ós organizadores dos Xogos de Pontevedra que lle dñan unha olleada ó programa dos que organizou o boletín *Maruxa*, de Compostela.

N'iste programa—dino de gabanza—no que hai alguns temas en galego, destaca o que di: «De como el gallego no es dialecto sino verdadero idioma.»

A fixa, queridos compañeiros de *La Provincia*.

E perdoen os leutores, pol-o tempo que empregamos en Xogos.

Calquera diría—y eisi se nos fixo ouservare—que o telefonema á «oitos días vista»

que mandaron uns cantos señores d'Ourense ó *Ideal Gallego* e á *Voz de Galicia* da Cruña, era cousa de Picorete—o héroe das revoltas telegráficas e telefónicas—traducida ó galego pol-o rexionalista de outa talla, Amexeiras. Quen firma ó derradeiro documento de tal clás, é coase sempre o autore.

Non fai falla ser vencello, nin socio da noite, pra decatarse de certas cousas.

E coste que non cubizamos unha moca d'honore pol-a nosa perspicacia.

Pol-o demais, nin embarullamol-as augas nin os viños.

Suum cuique. Lonxe das nosas páxinas os arrotos enxebres. Agora que os marcos fican en baixa...

El Ideal Gallego, xornal da Cruña, publicou unha caricatura na que ollábase un distinto xantar rexionalista á hora dos brindis. Ó pé dos xantadores un corno da abundancia co ista lenda: «credenciás». E un home de levita, falando, sómellante a Picorete.

Non enxerguemos ben o senso da caricatura. Mais díxeronnos algunhas persoas: ¡Vaya un pau pr'os rexionalistas ortodoxos que ll'alcenden unha facha a Galicia e outra a San Rafael Gasset, a San Augusto González Besada, a San Eduardo Dato, a todol-os vellos políticos causantes do mal d'España contra quenes protesta até Córdoba! ¡Vaya unha boa defensa dos irmáns na Falal Moito obrigados, colega.

Non nos empoleiramos na trepia para definir ex-cátedra que o noso galego é o galego mais correcto; non somos mestres; somos apenas estudantes que tratamos de recobrar para o noso idioma—non dialecto, amigos—o que ten acubillado pol-o tempo de desuso como lingua literarea. Ademetimos de bon grado as leucióis que nos queiran dar os mais sabidos. Vexan si somos modestos. E xa que os compañeiros de *La Provincia* usan con nosco a franqueza de nos decir que falamos un galego recastado de portugués—e lles agradecemos a advertencia—debemos nós corresponderlles poñéndoos en aviso de que veñen empregando eles un castelán recastado de chino no titular da sección que de cote adican ás amonestaciós coma a que nos fan:

«Protestamos de...» ¿decatáronse os nosos mestres de que con esa frase din casi o contrario do que pretenden decir? Se non nos toman a mal o consello recomendaríamoslles que puxesen «Protestamos contra...» que é como se di en castelán.

De administración: Pol-o moito orixinal, non publicamos até o próisimo número a *Correspondenza administrativa*.

Pregamos ós suscritores que teñen trimestre finado, mándennos o importe pol-o xiro postal.

FOLLAS NOVAS

GONZALO López Abente, noso querido amigo, colaborador e irmán na causa galeguista, agasallounos c'un exemplar do novo libro de versos de que il é autore, nomeado «Alento da Raza». Iste libro leva un prólogo d'Aurelio Ribalta, do mestre Ribalta, dino da mais fonda gabanza garimosa.

Gonzalo López Abente, acusa agora nas novas follas tod'a sua forte persoalidade. O poeta de «Escumas da ribeira» devén superado en «Alento da Raza». Fermosos son coase todol-os versos d'iste libro; coase todol-os inspiradísimos. Algúns xeniales.

Inda que ceibas as poesías do volume de que falamos, n'elas lateza unha soma ancestral que as axunta a todas, coma si fosen difrentes cantos d'un soyo poema: o poema da Terra e da Raza. A verdadeira musa de López Abente, é a costa brava e verdecente de Bergantiños, onde Pondal oíu os queixumes dos pinos que lle trouxeron sona. López Abente é un namorado do mar, e refrexa seu amore nos seus versos, con xeitos admirables. Tamén canta ás panilleiras de Camariñas con moita galanura e afeuto. Hai na lira do poeta de

Gonzalo López Abente

ALENTO DA RAZA

PRÓLEGO DE
AURELIO RIBALTA

Muzia total-as cordas. «Alento da Raza» é un libro no que se olla unha sinxela unidade. Canto afeuto á persoalidade da nosa patria natural ali s'atopa. Ten tamén tod'o cõrido e tod'a craridade que caracteriza ós poetas modernos. Pertenece á nova escola poética galega, na que é mestre Ca-

banillas. Isto, n'ostante, non quer decire que López Abente imite ó autore de «Vento Mareiro» López Abente ten a sua persoalidade propia, persoalidade inconfundible de fillo das terras bergantiñáns. Pol-a forteza, pol-a barilidá, pol-o linguaxe, amotra o lugar do seu nacimiento. Pol-a ispiración, dixéras e que ben conécese que é parente de Pondal.

O Parnaso galego, está d'embora. «Alento da Raza» é un novo libro notabre que ben a enriquecelo; un novo libro que ficará ollándose en total-as librerías dos enxebres e nas casas de cantas persoas sexan donas de bó gusto.

López Abente é un gran poeta, ¡ouh imbéciles escravizados pol-os xuícios alleos que coidades que dimpois de Curros, Rosalía, Pondal, Lamas, etc., non naceron novos vates capaces de superal-os!

Ouvideo, desleigados sepultureiros da fala Galega, que honorades con ruin intención a poesía dos nosos poetas mortos, pra abafar o estímulo da xuventude, desbotándoa dos cantos enxebres.

Mas o «Alento da Raza» é inmortal.

FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)
MÁLAGA

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

ANÍS DOUS MONOS

RON LA LUCÍE

OXÉN SUPERFINO

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

PEDIDE SEMPRE

CHOCOLATES BRANDARIZ

VENDENSE EN TODOL-OS COMERCIOS

D' ULTRAMARINOS

Enrique Brandariz y C.^a

Ronda da Coruña, 22. — LUGO

CONTOS GALLEGOS

— DE —
ASIEUMEDRE

Pol-a cativa cantidá de dous réas podedes ter risa unha semana enteira.

Véndese na Librería de Lino.

LABREGOS:

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles pro **SULFATO DE COBRE**

Pedide prezos e condicións ós

Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas

DE

Romero Hermanos

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92,
e Canalejas, 77

FERROL

H. LA PALOMA

— DE —

Ramón Morandeira

Este espréndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos millores da sua cras, conta con espazosas e aireadas habitázens, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

LEUTORES:

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastaría de

Xosé Varela

CIRCO, 16-BAIXO — VIGO

FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL

—><—

Espellos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total-as cras.

Baldosas pra pisos.

Narciso F. Pereira

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

A CRUÑA

VIÑOS BRANÇOS E TINTOS

Riveiro: Arnöya fino.

Rioxa: Federico Paternina.

«Rioxa Ollauri» especial pra familias.

Botella sin casco: 0'55 ptas.

Pedidos: W. LOSADA

HOTEL CONTINENTAL

Os "Previsores do Porvir"

SOCIEDÁ MODELO, ESPELLO DE PATRIOTISMO

Chegou a 42 millóns de pesetas de aforro en doce anos

A súa representación na Cruña, ten as oficinas no número 45-2.º, da rúa Real.


NAZONALISMO GALLEGO

A NOSA AFIRMACION REXIONAL

(2.ª EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuicios e opinións de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., per Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos. — Os pedidos faránse ó autore, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.



COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

Para á Habana, Veracrús, Porto Rico, Santiago de Cuba, Nova Orleans, Nova York e combinación pol-o ferrocarril para calquera punto dos Estados Unidos.

Ademite pasaxeiros de primeira (varias categorías), segunda, preferencia e terceira clás, e carga.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

D. Nicandro Fariña

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.